



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: nomeamento de 1 peón forestal para programa Aprod rural 2022.

Visto que se aprobaron as bases e a convocatoria para a provision, mediante o sistema de concurso- oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de un posto de peón forestal do Concello de Cabana de Bergantiños, ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do Emprego no medio rural (Aprod Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG nº 21 do 1 de febreiro).

Visto que este Concello presentou o día 13/05/2022 a oferta de Emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, oficina de Emprego de Carballo, tal e como o reflicte a Orde de subvención no artigo 14.3 da Consellería de Emprego e Igualdade.

Remitidos ao servizo de Emprego do Concello, o día 18/05/2022 un total de 10 curriculums vitae como candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia (Oficina de Carballo), con número de oferta 12-2022-5255 e despois da comunicación telefónica aos aspirantes propostos polo SPEG, presentou a documentación unha única aspirante interesada no proceso de selección.

Visto que o día 24/05/2022 remitíronse os resultados no formulario da selección 1 da oferta 12-2022-5255 e se solicitaban máis candidatos para o posto, o día 26/05/2022 foron remitidos a este Concello 9 curriculums vitae no formulario de selección 2 da oferta, procedendo de novo a comunicación telefónica aos aspirantes propostos polo SPEG.

Visto os informes do Rexistro municipal do Concello de Cabana de Bergantiños, onde constan a relación de candidatos preseleccionados presentados a convocatoria do posto de traballo de peón forestal.

Visto o decreto que reflexa a aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar de realización da proba práctica, e vista a acta única do tribunal de selección, asinada por todos os membros do tribunal asistentes, o día 3 de xuño de 2022, que inclúe a valoración total dos aspirantes e a proposta de nomeamento do posto convocado e a relación de suplentes por orden decrecente, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: nomear como peón forestal para o programa Aprod Rural 2022 ao candidato D. Marcos Parga Arán.

SEGUNDO: conceder un prazo de tres días hábiles a contar dende a publicación desta resolución de nomeamento para que o adxudicatario presente a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización de contrato laboral.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

TERCEIRO: publicar na web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello esta resolución, de conformidade co previsto nas bases de selección, e dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.